

SAN CIBRAO: LIMPAMOS ONDE NINGUÉN LIMPA

En *Nunca Máis* sabiamos que leva todo o verán entrando fuel na Mariña. Virámolo hai un mes na praia das Catedrais e esta ponte pasada fomos a San Cibrao. Eis algunha das nosas experiencias.

15 de Agosto

Chegamos, e na praia do Torno dinnos que entra substancia viscosa cada día. “Algúns apañamos e e despois levámosllo aos da limpeza”, engaden. Varios empregados de TRAGSA percorren o areal, pero non hai percorridos que cheguen. “Luxámonos, xa estamos afeitos”, di o noso comunicante. Sen enfado, a xente está de vacacións. Van á area, saen con manchas negras, lípanse e xa está.

Nós mesmos estamos na area, poñemos os pés perdidos, limpámoslos e xa está. Polo demais, San Cibrao está fermoso. Imos ata a praia da Caosa.

Case baleira, desde o muro semella limpa e apracible. Engana. “Hai chapapote. Vén por aquí unha pa mecánica, fura na praia, botan dentro a area sucia e máis area por riba”. A veciña que nos conta isto non sabe se a pa é do Concello ou da Deputación, pero amósase resentida.

16 de agosto

Unha de nós volve á Caosa e ve un home a recoller navallas. Están petroleadas, o mariscador dí e vese ben. No Torno séguense luxando os pés.

17 de agosto

Seica hoxe, domingo, non pasan os de TRAGSA. Á tarde, pola rúa dos Campos, despois por onda as hortas, chegamos ata unha pequena cala. Un de nós xa estivera apañando chapapote aquí, en xaneiro, cun grupo de voluntarios dos que coordinaba ADEGA.

Nestas calas non se recolle o chapapote. Ademais do lixo habitual -plástico, madeira, envurullos...-, que ofende a vista e esperta a xenreira contra a propia especie, nas penas vense manchas negras, unhas secas, outra recentes; unhas só son manchas, outras porcións de piche de grosor diverso. O fuel salienta na area, aboia na auga, pousa no fondo. Saltamos polas penas, mirando onde pisamos, ata outra cala, e inda está peor. Volvemos ata a cala anterior, e entre a porcallada eliximos unha vasilla plástica, de cinco litros, aberta por un lado; collemos tamén dúas estelas longas, un pao e desandamos o camiño. Imos apañar chapapote. O que ninguén apaña.

Collémolo das penas, na area, entrámolo buscar na auga. Os termos acuñados para explicar as súas formas non nos valen. Nin lentellas, galletas, tortas ou bólas. Un pedazo é talmente unha hamburguesa, os máis grandes só admiten un nome: cagadas. Enchemos a vasilla, pesa moito, se cadra máis de dez quilos. Ensuciamos os pés, as mans, limpámonos algo. Perto da Caosa hai uns colectores de fuel, e botamos alí a colleita.

De volta, comprobamos que a praia do Torno hoxe está especialmente sucia, percorrémola e aínda recollemos uns quilos de chapapote. Hai outras dúas persoas a apañar. Volvémonos pór perdidos.

A última hora chegan os de TRAGSA. Quedar, quedalles traballo, non para de entrar.

NON HAI PERCEBE

Dino en Cor-me, na Coruña. A estas alturas, tanto ten que abran vedas coma que non. A rocha está branca, nin rastro do marisco nos niveis aos que chegou o fuel. Onde non chegara, os furtivos levaron o que había.

INFORME SOBRE AS PRAIAS

Case tódolos días, a Oficina do “Comisionado para a catástrofe do *Prestige*, ou como lle chamen, emite un comunicado indicando as praias que reciben vertidos de fuel. O do domingo 17 fala de seis areas afectadas na Mariña. Neste mesmo número referímonos a dúas praias e dúas calas, só en San Cibrao. ¿Seica o resto da Mariña está impoluto?